

EDITH WHARTON

As irmás Bunner

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

I

Na época na que o tráfico de Nova York se movía ao ritmo dos vagarosos tranvías tirados por cabalos e a alta sociedade aplaudía a Christine Nilsson no auditorio da Academia de Música e se deleitaba cos solpores pintados polos discípulos da Escola do río Hudson nos muros da Academia Nacional de Deseño, unha discreta tenda cun único escaparate gozaba do favor da poboación feminina do barrio lindeiro coa praza Stuyvesant¹.

¹Christine Nilsson (Vederslöv, 1843-Väsjö, 1921) foi unha soprano sueca de sona internacional. Para efectos de enmarcar o relato, publicado en 1916 pero escrito en 1892, cabe sinalar que a retirada da escena da artista se produciu á altura de 1888. A Academia da Música foi un palacio da ópera localizado a apenas dous quinteiros ao oeste da praza Stuyvesant, citada tamén aquí e que na actualidade –dende 1975– ten o rango de distrito histórico. De novo co obxecto de enmarcar o tempo da novela, cómpre indicar que as derradeiras funcións operísticas representadas neste edificio –derrubado en 1926– tiveron lugar en 1886. Finalmente, a Escola do río Hudson fai referencia a un movemento artístico do século XIX ao que se adscribiron pintores paisaxistas de influencia romántico-pastoril interesados por temáticas especificamente norteamericanas. A Academia Nacional de Deseño, en cuxos muros se di que expoñen as súas creacións os discípulos da mencionada escola, é unha institución fundada na década de 1820 por antigos antigos alumnos da Academia de Belas Artes. Aínda que a súa sede tivo varias localizacións, para o caso parece que estaría situada na avenida Amsterdam, é dicir, na Décima, polo tanto á mesma altura (só que no extremo oeste) da illa de Manhattan.

Era este un humilde comercio, localizado no baixo ruín dunha decadente rúa perpendicular á avenida principal. A partir da miscelánea exposta tras o cristal e da concisión no cartel que o coroaba (un sucinto «Irmás Bunner» en evanescentes letras douradas sobre fondo negro), non había resultar nada doado para os novos transeúntes precisar a natureza exacta do negocio. Pero tanto tiña, porque a súa fama se circunscribía ao ámbito local, tanto que a clientela da cal dependía a súa existencia estaba pouco menos que dun modo innato ao corrente do «xénero» que se podía encontrar onda as irmás Bunner.

O baixo que albergaba o establecemento que estas rexentaban formaba parte dun edificio de vivendas particulares con fachada de ladrillo visto, contraventás verdes fixadas sobre porlóns frouxos e o cartel dunha modista pendurado na xanela xusto por riba da tenda. Flanqueando os tres modestos andares do predio, levantábanse uns bloques de maior altura, con acastañadas fachadas de pedra que mostraban algunhas regañas e cocaduras, balcóns de ferro forxado e, por tras de reviritados enreixados, unha sorte de cuadrículas de herba moi apreciadas polos gatos para se goreceren. Xacando, tamén este par de edificios albergaran vivendas de uso privativo; porén, unha tasca barateira ocupaba agora un dos locais a rentes da rúa, namentres que no outro se anunciaba, sobre a nodosa glicinia que lucía sobre o balcón central, o Hotel Familiar Mendoza. Saltaba á vista, a xulgar pola acumulación crónica de contedores e bolsas de lixo no patio, amais de pola lorda adherida ás fiestras sen cortinas, que as familias hospedadas alí non eran o que se di sibaritas; o cal non quita para